



## Concello de Ribeira de Piquín

### **BANDO**

#### **PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS**

O día 18 de setembro de 2023, saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de estadias en prazas de establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do programa Benestar en balnearios e axudas para o ano 2023

#### **PERSOAS BENEFICIARIOS E REQUISITOS:**

- a) Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social.
- b) Estar empadroada e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Valerse por si mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa.
- d) Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- e) Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- f) Acadar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

#### **QUENDAS E PREZO:**

- As quendas teñen una duración de dez días, con nove noites.
- O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido entre o 22 de outubro e o 31 de decembro do ano 2023.
- O prezo para pagar polos usuarios e, no seu caso, os acompañantes varía segundo o balneario.

#### **PRAZO DE PRESENTACIÓN:**

O prazo de presentación é do 19 de setembro de 2023 ao 18 de outubro de 2023.

Para calquera información contactar coa Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 19 de setembro de 2023

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

